

Código
100



De cero a cen.
Unha aventura
chea de saúde

ASOCIÁNDONOS
PARA INNOVAR



¿Que é Código 100?

Código 100 é un plan de innovación centrado no avellentamento, unha das máximas prioridades da nosa comunidade.

Código 100 adiántase ao futuro, imaxinando, transformando e implementando novos códigos de innovación dirixidos a unha poboación avellentada co ánimo de converter Galicia nunha rexión de referencia en innovación no avellentamento activo. Unha rexión onde se poida vivir con calidade 100 anos e onde se innove para alcanzar este fin.

SITUACIÓN QUE PROPICIA O NACEMENTO DE



Código 100

- O Servizo Galego de Saúde presta atención sanitaria a 2,7M de habitantes, dos cales o 23% deles son maiores de 65 anos
- Xestión dunha poboación altamente avellentada
- Xestión de procesos de cronicidade asociados ao avellentamento
- A finais de 2020 Galicia será unha das rexións do mundo con maior porcentaxe de centenarios por habitante
- É necesario garantir a sustentabilidade Servizo Galego de Saúde a través da innovación

“O Servizo Galego de Saúde é pioneiro no emprego da Asociación para a Innovación no sector saúde”

PRESENTACION XERAL DO PROXECTO

BOTANDO A VISTA ATRÁS EN CÓDIGO 100



¿COMO IMOS EN CÓDIGO 100?

O Proxecto

- ✓ 1 proxecto
- ✓ 3 liñas de actuación
- ✓ 13 millóns de € (4M€ Empoderamento; 4M€ Profesionais; 5M€ Terapias)
- ✓ 15 licitacións (10 CPTI, 3 CPP e 2 AI)
- ✓ 80% fondos FEDER

Consultas ao Mercado

- ✓ 215 propostas
- ✓ 94 participantes
- ✓ 80% empresas
- ✓ 73% das propostas consideradas interesantes para Código 100
- ✓ 47% empresas galegas

Terapias Avanzadas

Búscase a incorporación ao sistema público de saúde de novas terapias que posúan o potencial para adaptar o tratamento coa mellor resposta e a maior marxe de seguridade para garantir un mellor coidado do paciente tendo en conta as súas características individuais e patoloxías.

200.255,00 € AI Adjudicado 

Desenvolvemento, validación clínica e adquisición dun dispositivo multicantle para a resección avanzada de tumores rectais mediante endoscopia flexible e cirurxía endoscópica transcanle.

Procedemento: Asociación para a innovación

En Código 100 estase a traballar no desenvolvemento dun dispositivo que permitirá ao paciente beneficiarse dunha cirurxía endoscópica sen cicatrices a través de orificios naturais, que reducirá as complicacións do postoperatorio, que mellorará o tratamento das lesións e que reducirá o tempo de realización do proceso endoscópico por parte dos profesionais sanitarios.

624.965,00 € CPP

CPP Lote 2 Enfermidades reumatolóxicas: Biomarcadores diagnósticos en enfermidades reumatolóxicas.

Procedemento: Contratación precomercial

O Servizo Galego de Saúde está a traballar nunha solución baseada en biomarcadores de enfermidades reumáticas, especialmente artroses e artrite reumatoide. As solucións oríentanse á selección do tratamento máis adecuado ao perfil do paciente, mellorando o control da enfermidade e reducindo os efectos secundarios.

624.965,00 € CPP

Desenvolvemento e fase de demostración de biomarcadores para diagnóstico precoz, predición de respostas ou monitorización, en pacientes con patoloxías relacionadas con neuroloxía.

Procedemento: Contratación precomercial

O Servizo Galego de Saúde está a traballar nunha solución que axude ao profesional ao diagnóstico, prognóstico ou selección de tratamento de enfermidades neurolóxicas como pode ser o ictus, a esclerose múltiple ou demencias. O paciente verase beneficiado na redución de tempos de atención e personalización da terapia, reducíndose as secuelas ou atrasándose a progresión dos síntomas.

999.460,00 € CPP

CPP Lote 3: Biopsia líquida: Solucións para detectar material tumoral en fluídos biolóxicos en estadios temperáns, detección de enfermidade mínima residual, prognóstico, selección de terapias, monitorización da enfermidade e da resposta ao tratamento de distintos tipos de cancro.

Procedemento: Contratación precomercial

Búscase o desenvolvemento dunha solución que a través da realización dunha analítica axude a diagnosticar de forma precoz os tumores de mama, pulmón, colon e páncreas. Esta solución mellorará a calidade de vida dos pacientes xa que permitirá clasificar e identificar cada tipo de tumor dunha forma máis exacta, seguir a evolución da enfermidade e tratar os efectos secundarios do tratamento aplicado.

600.000,35 € CPTI

Desenvolvemento dunha fase de demostración dun sistema de axudas á detección de diversas patoloxías (CADIA) baseado na análise da imaxe con técnicas de intelixencia artificial.

Procedemento: Diálogo competitivo

Código 100 quiere contribuír a detectar enfermidades relacionadas co cancro utilizando tecnoloxías intelixentes que analicen imaxes e acheguen un resultado preciso, a través do desenvolvemento dun sistema que analizará imaxes de anatomía patolóxica para identificar células cancerixenas. A través deste sistema búscase aumentar a capacidade dos profesionais para diagnosticar cancros nunha fase temperá, reducir os falsos positivos e os falsos negativos, e facer un seguimento de preto a pacientes proclives a desenvolver este tipo de enfermidades.

499.998,62 € AI

Desenvolvemento, avaliación e adquisición dun test multimarcador que permita a caracterización molecular de tumores de pacientes de cancro de pulmón no microcítico mediante secuenciación masiva de nova xeración (NGS)

Procedemento: Asociación para a innovación

O Servizo Galego de Saúde está a traballar para diagnosticar de forma máis precisa o cancro de pulmón. Nun único paso, a través dun test, buscarase a maior cantidade de información posible dunha mostra tomada ao paciente, conseguindo que se reduza a necesidade de realizar biopsias posteriores e así reducir os tempos de espera para seleccionar o tratamento máis efectivo para cada paciente.

Xestión de profesionais

Búscase a planificación estratéxica da formación e o coñecemento da organización, detectar de forma temperá o talento existente en base á competencia e harmonización da produción científica e investigadora.

1.155.550,00 € CPTI Adjudicado ✓

Desenvolvemento e validación dunha plataforma tecnolóxica que permita desenvolver as actividades asociadas á xestión do coñecemento nunha organización sanitaria.

Procedemento: Aberto

O novo sistema de formación no que traballamos en Código 100 permitirá axear a oferta formativa ás necesidades concretas de todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde. O valor deste sistema radica en pór en contacto “os que saben” con “os que non

saben”, en xerar e compartir coñecemento a través de comunidades de prácticas. Os facultativos poderán recomendar contidos e prescribir coñecemento ao paciente a partir de alertas que se activarán na súa historia clínica.

Os profesionais recibirán, a través da intelixencia artificial, a recomendación de contidos, listaxes, canles e itinerarios formativos personalizados.

173.000,00 € CPTI

Realidade virtual lote 1: Deseño e desenvolvemento dunha solución virtual formativa para o recoñecemento do ICTUS

Procedemento: Licitación con negociación

A través de Código 100 estamos a traballar nunha ferramenta que facilite a detección dos síntomas do ictus, e que permita aos pacientes recrear situacións reais e experimentar na súa propia pel os síntomas que produce esta enfermidade. Esta ferramenta tamén estará dispoñible para os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde, para facilitar a súa aprendizaxe na detección de tal enfermidade, así como do protocolo a seguir en caso de que se presenten os citados síntomas.

1.778.740,52 € CPTI Adjudicado

Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de xestión de profesionais en base a competencias.

Procedemento: Aberto

O Servizo Galego de Saúde está a traballar nun sistema que recompila e intercambia información de cada un dos profesionais sanitarios.

A través de Código 100 búscase xerar un mapa de talento e adaptar a oferta á demanda de persoal, de forma que se identifiquen as habilidades (actitudes, competencias, atributos e habilidades persoais) necesarias para cada posto de traballo e seleccionar así o profesional que mellor se axuste ás necesidades de cada tipo de paciente.

173.000,00 € CPTI

Realidade virtual lote 2: Deseño e desenvolvemento dunha solución formativa e de adestramento virtual da respiración para a mellora na precisión nos tratamentos de radioterapia e probas de imaxe.

Procedemento: Licitación con negociación

En Código 100 estamos a traballar nunha ferramenta que axudará aos pacientes que teñan que someterse a tratamentos de radioterapia a reducir o estrés e ansiedade que producen este tipo de probas e a adestrar a respiración que deberán empregar durante o tratamento.

Explicando de modo sinxelo a través de escenas virtuais cales son cada un dos tipos de respiración para que a zona a tratar estea o máis inmovilizada posible.

Empoderamento de pacientes

Búscase converter o paciente nun axente fundamental para a autoxestión da súa enfermidade e a mellora dos seus propios resultados de saúde.

484.000,00 € CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración dunha solución intelixente que facilite as tarefas do paciente para o autocontrol da diabetes.

Procedemento: Licitación con negociación

Código 100 porá á disposición dos pacientes con diabetes unha ferramenta que lles permita controlar a súa enfermidade e que permita aos profesionais sanitarios e aos seus coidadores facer un seguimento sen que teñan a necesidade de acudir á consulta médica.

A ferramenta estará enlazada coa historia clínica electrónica e informará sobre os pasos a seguir para que o propio paciente poida autocontrolar o seu tratamento.

726.000,00 € CPTI

Desenvolvemento dunha plataforma de xestión da relación cos usuarios, sistema CRM para pacientes.

Procedemento: Licitación con negociación

O Servizo Galego de Saúde está a traballar nunha ferramenta que mellore o contacto dos pacientes cos profesionais sanitarios, de forma que se es un paciente poidas ter claro cales son as

canles de comunicación cos profesionais e cal é a forma para que contactes co profesional sanitario máis adecuado ás túas necesidades.

379.999,41 € CPTI Adjudicado

Desenvolvemento dunha plataforma de homologación de apps e contidos para a autoxestión da enfermidade e empoderamento dos pacientes.

Procedemento: Diálogo competitivo

O Servizo Galego de Saúde puxo a andar o desenvolvemento dun sistema que valide as aplicacións novas ou xa existentes no mercado para que os pacientes poidan acceder á información que necesitan de forma segura.

A través de Código 100 buscamos establecer un proceso de validación destas aplicacións para garantir a seguridade e calidade da información que manexan os pacientes a través das mesmas.

605.000,00 € CPTI

Desenvolvemento e fase demostración dun sistema de asistente persoal (AVATAR) e un xerador de alertas intelixentes que aumente a autonomía do paciente.

Procedemento: Licitación con negociación

A través de Código 100 búscase potenciar a autoxestión da enfermidade por parte dos pacientes e achegarlles dunha maneira sinxela e personalizada a información que poidan necesitar dos profesionais sanitarios. Ademais, mediante o recoñecemento facial e xestual realizaranse diagnósticos de deterioracións cognitivas, patoloxías do sono e procesos de rehabilitación. Esta ferramenta tamén realizará un seguimento dos pacientes xerando alertas en caso de que se detecten anomalías como arritmias ou paro cardíaco e axudará a coordinar a atención ao paciente por parte dos profesionais sanitarios.

580.800,00 € CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración do sistema plataforma de historia clínica persoal PHR para a autoxestión da enfermidade e empoderamento de pacientes.

Procedemento: Licitación con negociación

A través de Código 100 estase a desenvolver unha ferramenta informática para que o paciente poida cubrir toda a información relacionada coa súa saúde e poñela á disposición dos profesionais sanitarios. O beneficio desta ferramenta é especialmente importante para pacientes con enfermidades crónicas ou enfermidades complexas de media-longa duración que teñen que rexistrar de forma regular a súa actividade para manter un estado de saúde estable.

Financiado nun 80% polo Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER (POPE) a través do convenio de colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades para o desenvolvemento do programa de innovación Código 100



FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER)
(Una manera de hacer Europa)

Unión Europea



@Cod100.sergas



@Codigo_100



Codigo100



codigo100@sergas.es



codigo100.sergas.es